



Impacto do recorte preventivo na redución de coxeiras: datos que todo gandeiro debería coñecer

Nesta nova entrega sobre saúde podal, enumeramos os principais beneficios que impactan na redución de coxeiras e demostramos que realizar o recorte funcional de forma periódica é esencial para o benestar das vacas e a rendibilidade da granxa.

Daniel Zalduendo
Anka Cuidado de Pezuñas



O recorte funcional ou preventivo de pezuños é unha ferramenta clave para evitar as coxeiras no gando vacún. As coxeiras, ademais de causar un evidente malestar nos animais, supoñen importantes perdas económicas para as explotacións gandeiras.

O recorte funcional non é simplemente “recortar”; é unha técnica baseada no coñecemento da biomecánica da vaca e na corrección das deformacións habituais que sofre o animal estabulado.

1. OS BENEFICIOS CLAVE DO RECORTO FUNCIONAL

Implementar un programa de recorte funcional vai máis aló de tratar problemas; trátase de previlos.

Os efectos positivos son medibles e directos:

- **Equilibrio de peso:** o obxectivo principal é conseguir unha repartición de pesos equilibrada, tanto en cada pezuño individual coma entre os dous pezuños de cada pata. Isto evita a concentración de presión en zonas críticas que conducen á incomodidade e, finalmente, á coxeira. Un estudo demostrou que o recorte funcional axudaba a corrixir o balance de forzas nas patas traseiras, pasando dun desequilibrio 80 % lateral/20 % medial a unha repartición máis saudable de 70/30 %.
- **Prevención de coxeiras:** o recorte periódico ten demostrado atrasar a aparición do primeiro episodio de coxeira e acurtar a súa duración.

Manter unha forma correcta do pezuño está fortemente asociado coa prevención de lesións graves, coma as úlceras de sola.

- **Mellora do benestar:** actualmente, moitas industrias e programas de certificación avalían o benestar animal baseándose na locomoción das vacas. O recorte funcional contribúe directamente a mellorar este *score* de locomoción, en especial cando se realiza sobre animais con problemas crónicos.
- **Maior produción leiteira:** os pezuños sans incrementan a produtividade. O recorte funcional ten demostrado incrementar a produción leiteira tanto en primíparas coma en múltiparas. De feito, un estudo sinalou que as xovencas

que estaban coxas e foron recortadas deron significativamente máis leite que as que tamén o estaban, pero non se recortaron.

2. A FRECUENCIA: CANDO E COMO?

A frecuencia ideal do recorte debe establecerse segundo as condicións de cada granxa. Factores coma o tipo de cama e a abrasividade do chan determinan a taxa de desgaste e crecemento dos pezuños. Existen dous modelos principais que se axustan ás necesidades das explotacións:

O modelo “en saba”

Consiste nun recorte xeral aplicado a todas as vacas da granxa entre dúas e tres veces ao ano.

- **Por que:** se se realiza só unha vez por ano, a incidencia de pezuños demasiado longos e ángulos agudos é moito máis frecuente. Por iso, a recomendación mínima é de dous recortes anuais.
- **Vantaxes:** é un sistema fácil e simple de organizar, xa que non se necesita seleccionar animais.



► UN ESTUDO SINALOU QUE AS XOVENCAS QUE ESTABAN COXAS E FORON RECORTADAS DERON SIGNIFICATIVAMENTE MÁIS LEITE QUE AS QUE TAMÉN O ESTABAN, PERO NON SE RECORTARON

- **Ideal para:** granxas pequenas e medianas (menos de 300 vacas).

O modelo “dirixido”

Esta técnica baséase en visitas frecuentes do podólogo (semanal, quincenal ou mensual) para recortar só “a” determinados animais.

- **Por que:** as vacas son máis susceptibles ás lesións de pezuño durante o pico de produción. Por iso, recoméndase recortar en momentos estratéxicos: un par de meses antes do parto e 3-4 meses tras o parto (preto dos 150 DEL). ►

Cursos confirmados EILZA 2026



Formación On Line

- Aseguramiento de la calidad en la industria láctea. Parte 1
40 horas – 📅 Inicio 26 Enero
- Aseguramiento de la calidad en la industria láctea. Parte 2
40 horas – 📅 Inicio 27 Abril
- Metrología y calibración de equipos en la industria láctea
8 horas – 📅 Inicio 12 Enero

Certificados de Profesionalidad

- Certificado de Profesionalidad en Quesería
📅 Presencial – ⌚ 420 horas + 40 horas prácticas – 📅 Inicio Finales Febrero
- Certificado de Profesionalidad en Elaboración de leches de consumo y pdtos. lácteos
📅 Presencial – ⌚ 590 horas + 40 horas prácticas – 📅 Inicio Finales Febrero

Programa completo de Maestro Quesero

- 📅 📅 Mixto – ⌚ 97 horas + 40 horas prácticas – 📅 Inicio 27 septiembre

Estate atento a nuestra web: www.eilza.es para más formaciones.

► A CLAVE DO ÉXITO NON RESIDE TANTO NA TÉCNICA ESPECÍFICA QUE SE USE, SENÓN NA HABILIDADE E PRECISIÓN DO TÉCNICO PARA APLICALA CORRECTAMENTE E EVITAR ERROS



- **Vantaxes:** recórtanse os animais xusto no momento que máis o necesitan.
- **Ideal para:** granxas medianas e grandes (máis de 300 vacas), onde as visitas frecuentes do técnico especialista son xustificables economicamente.

3. A TÉCNICA: O MÉTODO HOLANDÉS

Son dúas as técnicas de recorte de pezuños máis comúns en todo o mundo: o **Modelo Holandés** dos 5 pasos e o **Deep Modeling** dos EE.UU.

O **Modelo Holandés**, descrito polo Dr. E. Toussaint Raven, é o máis utilizado: practícanlo o 83 % dos podólogos de Europa occidental e é o usado na maioría dos estudos científicos. Consiste en comezar polo pezuño interno, que adoita ser a menos deformada, e ir igualando posteriormente a lateral en lonxitude e altura de talón.

O método **Deep Modeling** (o Wisconsin) é similar, pero a súa principal diferenza é que se realiza un modelado dos ocos axiais moito máis amplo e profundo. Diferentes expertos e estudos destacan que non hai evidencias científicas claras da superioridade dun método fronte a outro.

A clave está na precisión: é infinitamente máis importante que o técnico se axuste ao método elixido e non cometa erros que o método en si mesmo. O bo técnico é aquel que sabe onde recortar e, sobre todo, onde se debe manter intacto o pezuño.

4. ERROS COMÚNS QUE CUSTAN DÍÑEIRO

Un mal recorte pode ser peor que non recortar. A Asociación de Profesionales de Pedicura Bovina (APPB) traballa en garantir a calidade mediante a formación continua dos seus membros.

Alguns dos erros máis comúns son:

- Exceso de recorte en punta (solas finas):** é o erro máis grave. Unha sola fina (<5 mm) ao parto asóciase cunha maior incidencia de lesións. O obxectivo debe ser manter un grosor superior a 7 mm. Tras o recorte, a sola nunca debería ceder á presión do polgar.
- “Exceso de cosmética” na punta:** recortar a parede axial (interna) da punta. Isto elimina o soporte estrutural e concentra toda a presión directamente baixo a punta do óso (*tejuelo*), unha zona vulnerable sen amortecemento.
- Modelado insuficiente:** facer o oco axial demasiado pequeno ou mal posicionado. Se o oco non é correcto, a presión sobre a zona de úlceras non se alivia eficazmente e a lesión aparecerá igualmente.
- Recortar os talóns mediais (traseiros):** un erro clásico é rebaxar a altura dos talóns do pezuño medial (interno traseiro). Este pezuño debe servir de referencia de altura e non debe tocarse, agás para limpar.

5. NON TODO É O DISCO DE CORTE: A IMPORTANCIA DO MANEXO

O proceso de recorte pode supoñer un estrés para o animal. Por iso, na práctica moderna do recorte, débese prestar especial atención aos sistemas de contención e manexo. É fundamental un técnico ben adestrado e un sistema de condución non estresante.

Ferramentas coma os poldros hidráulicos de dobre cincha (que minimizan o tempo de suxeición), sistemas de manexo que aproveitan o comportamento social da vaca (coma o “unha vaca dentro, unha vaca fóra”) e un control do ruído (ideal por debaixo de 70 dB) son fundamentais para reducir o estrés.

CONCLUSIÓN

O recorte regular de pezuños é un investimento fundamental que prevén coxeiras e promove o benestar das vacas. A clave do éxito non reside tanto na técnica específica que se use, senón na habilidade e precisión do técnico para aplicarlle correctamente e evitar erros.

Na APPB traballamos en promover a formación continua dos profesionais especializados, minimizando o estrés animal, para garantir un recorte eficiente e seguro. ■

Buscas perfeccionar a túa técnica ou necesitas orientación nun caso particular? Ponte en contacto coa nosa asociación. Estaremos encantados de apoiarte!



agroseguro

Incluye saneamiento ganadero.
Asegure la calidad de su leche
(células somáticas, aflatoxinas...).



Vacuno de reproducción

Seguro 2025

PARA SUSCRIBIR SU SEGURO, DIRÍJASE A: • CAJA DE SEGUROS REUNIDOS (CASER) • MAPFRE ESPAÑA CÍA. DE SEGUROS Y REASEGUROS • AGROPELAYO SOCIEDAD DE SEGUROS S.A. • SEGUROS GENERALES RURAL • ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS • OCCIDENT • HELVETIA CÍA SUIZA, S.A. • CAJAMAR SEGUROS GENERALES S.A. • MUTUA ARROCERA, MUTUA DE SEGUROS • MUSSAP, MUTUA DE SEGUROS • GENERALI DE ESPAÑA, S.A. SEGUROS • SANTA LUCÍA S.A. CÍA DE SEGUROS • FIATC, MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS • REALE SEGUROS GENERALES • AXA SEGUROS GENERALES • MGS SEGUROS Y REASEGUROS S.A.

